

ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña)./

Teléf. 981.669.532

leadermarinasbetanzos@gmail.com; [blog: http://gdr29.blogspot.com/](http://gdr29.blogspot.com/)

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 25 DE MAIO DE 2009

En Bergondo, a 25 de maio de 2009, na Sala do Centro Sociocultural “A Senra” de Bergondo, sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- Dna. Pura Ferreño Saia, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- D. Antonio Buyo Mosquera, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Asociación Sectorial de Viticultores e Adegueiros de Betanzos e Comarca).
- Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas)
- Dna. Cruz Fernández González, en representación da *Mesa sectorial de Asociacións e Colectivos de mulleres* (Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller).
- D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Val de Aranga, Asociación Cultural e Deportiva).
- D. Ricardo Gabín Faraldo, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- D. Gerardo Romero Copo, en representación da *Mesa do sector de turismo e hostalería* (Asociación de Hostalería de Culleredo)
- Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- D. Edmundo Varela Lema, en representación da mesa do sector institucional (COETICOR)
- D. Xosé Uxío Rey Fernández, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña)

- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Juan Manuel García Varela, Concelleiro de urbanismo do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Venancio Salcines Cristal, Concelleiro de Promoción Económica do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- D. José Francisco Hurtado Durán, en representación da *mesa colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s (ONG Ecos do Sur)*.
- D. Andrés García Boutureira, en representación da *mesa da pesca e marisqueo (Confraría Sada)*

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

Abre o acto o vicepresidente da Asociación, xa que na reunión anterior se acordou que asumira a presidencia en funcións e se convocara unha nova data para a elección da presidencia.

O punto único a tratar nesta sesión será a “Elección da presidencia”.

O representante da Asociación Val de Aranga, propón como candidato ó representante do Colexio Oficial de Veterinarios, Uxio Rey Fernández, que acepta presentarse ó cargo.

Se prantexa por parte dun membro da Xunta Directiva si sería necesario ratificar a pertenza do Concello de Abegondo á Xunta Directiva, non vendo dúbida a ese respecto o resto dos membros da Xunta Directiva, xa que o representando é a institución, non a persoa que ostenta a representación desa institución. A petición do representante de Roxín Roxal faise constar en acta que este criterio é así para todo tipo de colectivos.

O representante da Confraría de Pescadores de Sada, pide que se lle aclare si a presidencia a ostenta a persoa ou a entidade, xa que él non acaba de ver porqué habería que votar, xa que debería manterse a presidencia no Concello de Abegondo, aínda que cambiase o seu representante.

O Alcalde de Paderne e outros membros da Xunta Directiva, respostan que isto foi falado na reunión anterior, no que se debatiu si se ratificaba ou se elixía á presidencia, acordándose que se elixía nova presidencia, e que o feito de facer novamente eleccións permitirá que a presidencia saia reforzada.

Unha vez aclarado o punto de que xa está aprobado en reunión anterior a elección de presidencia, o alcalde de Paderne pregunta ó Alcalde de Abegondo, José Antonio Santiso Miramontes, si se presenta como candidato, aceptando presentarse ó cargo.

Se procede por parte da vicepresidencia a organizar a votación, con papeleta, dando como resultado:

Votos emitidos: 22

Votos para o Concello de Abegondo : 13

Votos para o Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña : 8

Votos en branco: 1

Polo tanto, resulta elixido para ostentar a presidencia da Asociación “Mariñas – Betanzos”, o Concello de Abegondo, representado polo seu Alcalde, D. José Antonio Santiso Miramontes.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 20.45 horas.

En Bergondo, a 25 de maio de 2009

A Secretaria,
Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente en funcións,
Asdo.: D. Cesar Longo Queijo